



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

## **ANUNCIO: de licitación de poxa para a concesión de postos no Novo Mercado de Abastos de A Estrada.**

Data de publicación do anuncio no Perfil do Contratante: **4 de febreiro de 2015.**

Data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia: **4 de febreiro de 2015.**

1-Entidade adxudicataria:

a)Organismo: Concello da Estrada.


b)Dependencia: Secretaría, onde poderá obter copia do prego de condicións e demais documentación que compón o expediente.

2- Obxecto da licitación:

O obxecto da licitación é a adxudicación, en réxime de concesión administrativa, dos postos vacantes do Novo Mercado da Estrada situado na Rúa Waldo Álvarez Insua e Calle Padrón, que se relacionan a continuación, conforme ao prego de condicións e anexos do mesmo que rexen a contratación.

Postos que se poxan:

- Posto nº3: con 13,90 metros cadrados.
- Posto nº4: con 9,65 metros cadrados.
- Posto nº5: con 9,65 metros cadrados.
- Posto nº7: con 17,35 metros cadrados.
- Posto nº8: con 13,80 metros cadrados.
- Posto nº9: con 13,80 metros cadrados.
- Posto nº10: con 17,85 metros cadrados.
- Posto nº11: con 17,30 metros cadrados.
- Posto nº12: con 13,35 metros cadrados.
- Posto nº13: con 13,35 metros cadrados.
- Posto nº14: con 16,80 metros cadrados.



3-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c)Forma: canon ao alza e proxecto de actividades.

4- Tipo de licitación:

Establécense uns tipos mínimos de licitación que figuran no prego de condicións, segundo se detalla a continuación, podendo mellorarse ao alza polos licitadores na súa oferta económica.

5- Garantías:

- a) Provisional: non se esixe
- b) Definitiva: 5% do canon ofertado calculado sobre os 15 anos da concesión.

6- Obtención de documentación e información:

- a) Entidade: Concello da Estrada.
- b) Domicilio: Praza da constitución nº1, 36680 A Estrada.
- c) Teléfono: 986570030. Fax: 986570233
- d) Dirección correo electrónico: secretaria@aestrada.es

7- Duración da concesión: 15 anos con opción a prorroga en períodos de 5 anos, ata un máximo de 50 anos.

8- Presentación de ofertas:

- a) Presentación de proposicións: de 9:00 a 14:00 horas durante o prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte o da última publicación de este anuncio no BOP. Se o último día de prazo coincidise en sábado ou inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
- b) Documentación a presentar: a determinada no prego de condicións.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeneral do Concello da Estrada.

9- Gastos:

Serán a cargo do adxudicatario os gastos recollidos no prego de condicións

A Estrada, 9 de xaneiro de 2015

Alcaldesa en funcións,



Amalia Goldar Cora